

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE VISITA AS INSTALACIÓNS DE CIE GALFOR, EMPRESA REFERENTE DE SOLIDARIEDADE NA DOAZÓN DE SANGUE

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) acudirá mañá xoves 27 de febreiro, cunha unidade móbil ás instalacións de CIE Galfor, empresa que conta cunha longa traxectoria de colaboración e compromiso coas iniciativas destinadas a promover o solidario xesto da doazón de sangue. Se atenderá a todos os doantes das 09:30 ás 14:30 horas e das 15:30 ás 18:00 horas.

CIE Galfor é unha empresa referente de altruísmo e solidariedade que, mesmo, foi recoñecida co gallo da conmemoración do Día Mundial do Doante de Sangue no ano 2019, recollendo un galardón que a acreditaba como empresa especialmente destacada no eido da doazón de sangue en Galicia. Ao longo destes anos, hemos acadado desde a primeira visita, unha cifra de 1.563 doazóns de sangue procedentes da solidariedade dos seus traballadores e traballadoras.

Desde a Axencia, amosar o noso recoñecemento á dirección de CIE Galfor pola súa colaboración, agradecemento que queremos facer extensivo a todos os traballadores e traballadoras que doan sangue.